



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 154 · Venres, 6 xullo 2018

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Baltar

Convocatoria para a contratación laboral dun chofer de máquina rozadora 2

Porqueira

Delegación temporal das funcións da Alcaldía na concelleira dona Blasinda Salgado Rivera 2

Viana do Bolo

Convocatoria do proceso selectivo de persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a contratación de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais 2018 2

Convocatoria do proceso selectivo de persoal laboral temporal mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de condutores-choferes de camión motobomba, na campaña de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais 2018..... 16

Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro

Anuncio de cobranza do IBI e IBICE de 2018 28

IV. ENTIDADES LOCALES

Baltar

Convocatoria para la contratación laboral de un chofer de máquina rozadora..... 2

Porqueira

Delegación temporal de las funciones de la Alcaldía en la concejala doña Blasinda Salgado Rivera 2

Viana do Bolo

Convocatoria del proceso selectivo de personal laboral temporal, mediante el sistema de concurso-oposición libre, para la contratación de brigadas de prevención, vigilancia y defensa contra los incendios forestales 2018 9

Convocatoria del proceso selectivo de personal laboral temporal mediante el sistema de concurso-oposición libre para la contratación de conductores-chóferes de camión motobomba, en la campaña de prevención, vigilancia y defensa contra los incendios forestales 2018..... 22

Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria de O Ribeiro

Anuncio de cobro del IBI e IBICE de 2018..... 28



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Baltar

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía con data 03/07/2018:

- 1.- Número e denominación das prazas: un chofer de máquina rozadora.
- 2.- Modalidade de contratación: contrato laboral temporal a xornada completa.
- 3.- Duración do contrato: tres meses e medio.
- 4.- Sistema de selección: concurso de méritos.
- 5.- Retribucións totais: 954,92 € brutos/mes (incluídas pppe).
- 6.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 3 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, no rexistro do Concello de Baltar, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.
- 7.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal.

Baltar, 3 de xullo de 2018. Asdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

Anuncio

Convocatoria para la contratación laboral que se indica a continuación, según las bases aprobadas por Resolución de la Alcaldía de fecha 03/07/2018:

- 1.- Número y denominación de las plazas: un chofer de máquina rozadora.
- 2.- Modalidad de contratación: contrato laboral temporal a jornada completa.
- 3.- Duración del contrato: tres meses y medio.
- 4.- Sistema de selección: concurso de méritos.
- 5.- Retribuciones totales: 954,92 € brutos/mes (incluídas pppe).
- 6.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 3 días hábiles contados desde el día siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, en el registro del Ayuntamiento de Baltar, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.
- 7.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del ayuntamiento y en la sede electrónica municipal.

Baltar, 3 de julio de 2018. Fdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

R. 2.236

Porqueira

Decreto

Debido á ausencia da titular da Alcaldía deste concello, de conformidade co que dispón os artigos, 21.3 da Lei 7/85 do dous de abril, reguladora das bases do réxime local, 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e 43, 44 e 47 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvo:

Primeiro.- Delegar todas e cada unha das atribucións inherentes á Alcaldía, na concelleira deste concello, dona Blansinda Salgado Rivera.

Segundo.- Publíquese este decreto no BOP.

Terceiro.- Déase conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Cuarto.- Comuníquese esta resolución ao interesado.

Mándao e asínoa a alcaldesa, dona Susana Vázquez Dorado, en Porqueira, o tres de xullo de dous mil dezaoto, perante miña, a secretaria, que dou fe.

A alcaldesa. A secretaria.

Asdo.: Susana Vázquez Dorado. Monserrat Casas Cabido.

Decreto

Debido a la ausencia de la titular de la Alcaldía de este Ayuntamiento, de conformidad con lo que disponen los artículos, 21.3 de la Ley 7/85, de dos de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, 63 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de la Administración Local de Galicia, y 43, 44 y 47 del Reglamento de Organización Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, resuelvo:

Primero.- Delegar todas y cada una de las atribuciones inherentes a la Alcaldía, en la concejala de este ayuntamiento doña Blasinda Salgado Rivera.

Segundo.- Publíquese el presente decreto en el BOP.

Terceiro.- Dese cuenta al Pleno en la primera sesión que se celebre.

Cuarto.- Comuníquese esta resolución al interesado.

Lo manda y firma la alcaldesa, doña Susana Vázquez Dorado, en Porqueira a tres de julio de dos mil dieciocho, ante mí, la secretaria, que doy fe.

La alcaldesa. La secretaria.

Fdo.: Susana Vázquez Dorado. Montserrat Casas Cabido.

R. 2.231

Viana do Bolo

Anuncio

Convocatoria do proceso selectivo de persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a contratación de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais 2018

Proceso selectivo

Convocatoria do proceso selectivo de persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para dúas brigadas de loita contra os incendios forestais

Por Resolución da Alcaldía do 29 de xuño de 2018 adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección nos termos seguintes:

“Bases de selección de persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición libre, de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais 2018”

Primeira.- Obxecto da convocatoria e xustificación desta

1. O obxecto desta convocatoria é a selección de dez persoas como persoal laboral temporal (máximo tres meses de duración) para realizar actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais no marco do “convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Viana do Bolo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020”.

- Dous xefes de brigada.

- Dous peóns de brigada - condutor.

- Seis peóns de brigada

As funcións para desenvolver polos membros da brigada son as establecidas no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viana do Bolo. O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que,

conforme á normativa aplicable, o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal. Sen ánimo exhaustivo, as funcións para desenvolver son:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais.
- Traballos encamiñados á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

O xefe de brigada será o responsable e coordinador do funcionamento da brigada mantendo as relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal.

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite... segundo as necesidades do servizo).

A execución das actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais terá unha duración máxima de 3 meses, de conformidade co convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Viana do Bolo.

O contrato para formalizar é de duración determinada na modalidade de obra ou servizo e a tempo completo. No contrato de traballo formalizado establecerase un período de proba de 15 días.

As retribucións brutas mensuais do xefe de brigada ascenden a 1.091,72 euros incluída pro rata da paga extra, as retribucións brutas mensuais de peón-condutor e do peón ascenden a 982,53 euros incluída pro rata da paga extra. A brigada que cumpra os obxectivos do posto de traballo será retribuída cunha gratificación (por acadar os obxectivos das rozas).

2. De conformidade co artigo 50 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, e en coherencia coa necesidade urxente que pretenda cubrirse, o procedemento tramítase de urxencia.

Segunda.- Tipo e duración da provisión

Os/as aspirantes que, tras o remate do proceso selectivo, obtengan a maior puntuación en cada unha das tres categorías, serán propostos/as polo tribunal de selección para a súa contratación, para levar a cabo a prevención e defensa contra incendios forestais obxecto do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viana do Bolo.

Os contratos de traballo suscritos extinguíranse, en todo caso, coa realización das actuacións que motivan a subscrición do convenio de colaboración mencionado que están fixadas nun prazo máximo de ata 3 meses e extinguíndose en todo caso con data 31 de outubro de 2018.

Terceira.- Sistema selectivo

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante un procedemento áxil que respectará en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e axilidade.

As probas selectivas realizaranse polo sistema de concurso-oposición libre.

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes

1. Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta selección de persoal:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas,

nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. (Declaración xurada segundo anexo II)

- Para os/as aspirantes a xefe de brigada. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Estar en posesión do Celga 2. Posuír o carné de conducir B.

- Para os/as aspirantes a peón - condutor de brigada. Estar en posesión do título de certificado de escolaridade ou equivalente. Posuír o carné de conducir B.

- Para os/as aspirantes a peón de brigada. Estar en posesión do título de certificado de escolaridade ou equivalente.

2. Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.

Quinta.- Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentarse conforme ao modelo que figura no anexo I e dirixiráselle ao alcalde da Corporación expresando que reúnen todos os requisitos esixidos na base anterior.

Presentaranse no rexistro xeral do concello, en horario de 08.30 a 14.30 de luns a venres, ou polas outras formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten nun rexistro diferente ao do Concello de Viana deberán enviarse vía fax ao núm.: 988329089, copia xustificativa do rexistro no que se presentou antes de rematar o prazo.

O prazo de presentación de solicitudes de participación será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da oferta laboral no Boletín Oficial da Provincia, na páxina Web: www.vianadobolo.es e no taboleiro de anuncios do concello.

A instancia, conforme co modelo que figura no anexo I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia compulsada do documento nacional de identidade, ou pasaporte vixentes.

- Copia compulsada do título académico e/ou carné de conducir B (vixente), segundo o posto.

- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso conforme á base sétima. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia cotexada dos contratos de traballo e co informe da vida laboral ou, no caso de administracións públicas, certificado expedido polo fedatario público da administración e copia cotexada do contrato e/ou nomeamento. Calquera outro que de forma legal acredite as funcións desempeñadas no posto.

- Copia compulsada do Celga 2.

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. (Declaración xurada segundo anexo II)

- Certificado ou informe médico de non padecer enfermidade ou limitación ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo,



así como que reúne as condicións físicas necesarias para poder superar a proba física de esforzo que deberá realizar.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, no prazo máximo de 5 días e mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que será exposta no taboleiro de edictos do concello e publicada na súa páxina web www.vianadobolo.es relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles para a emenda, se é o caso, das deficiencias que se sinalen. Estas emendas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará no taboleiro de edictos e na que se incluírá a composición do tribunal e o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente un recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

O resto das resolucións serán expostas no taboleiro de edictos e publicadas na páxina web do concello.

Sexta.- tribunal cualificador

1. O tribunal cualificador designado pola Alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e baseándose no establecido pola Lei 2/2015, do emprego público de Galicia), segundo o recollido no artigo 60 do Real decreto lexislativo do empregado público, na designación dos membros do tribunal, tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, tendo-se, así mesmo, en conta que o persoal de elección de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección, e estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e: unha/un empregada/o pública/o pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogais: dous empregados públicos pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaría/o: unha/un empregada/o pública/o pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida, que actuará con voz pero sen voto.

- Representante sindical que actuará como observador no tribunal de selección con voz pero sen voto.

2. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, polo menos, de dous dos seus membros, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade que convoca, cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 de Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal, cando concorran aquelas circunstancias.

4. O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación destas normas, así como nos casos non previstos por estas.

5. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao da praza convocada, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados, pero que figuren como aprobados, se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para esta convocatoria.

6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

7. Os membros concorrentes ás sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte co disposto no artigo 33 do Real decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Sétima.- Comezo e desenvolvemento da fase de concurso-oposición

A selección realizarase de conformidade co previsto nestas bases polo sistema de concurso-oposición cos/coas candidatos/as que no prazo establecido presentaran a súa documentación, tendo en conta que a fase de concurso de méritos será valorado en segundo lugar, e só no caso dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamado único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade.

A cualificación dos exercicios, así como o resultado dos méritos alegados, farase pública mediante a publicación da correspondente acta do tribunal de selección no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

No caso de que un/unha mesmo/a aspirante se presente a varias das categorías de persoal laboral obxecto de selección, realizará unha soa vez aquelas probas que sexan iguais nas categorías presentadas.

Para a puntuación da fase de concurso terase en conta o estipulado na cláusula quinta destas bases.

Previa á fase de oposición, os aspirantes ás prazas requíreselles para que obrigatoriamente pasen un recoñecemento médico e proba de aptitude física de esforzo co que sexan cualificados con capacidade funcional necesaria para traballar nas brigadas de prevención e vixilancia e defensa contra incendios forestais. No suposto de non pasar esta proba, no poderán seguir dentro do proceso de selección.

Fase de oposición: (puntuación máxima 25 puntos)

A orde de actuación dos aspirantes farase de conformidade coa Resolución do 17 de xaneiro de 2018 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia comezándose por aqueles aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra G.

Fase de oposición: A oposición constará de tres exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Primeiro exercicio.- Exercicio práctico consistente en:

- Camiñar 3.200 metros sobre terreo chan cun peso de 11 kg ás costas nun tempo inferior a 30 minutos. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización da proba.

Só se permitirá un único intento para superar a proba.

A proba terá carácter eliminatorio e valorarase cun máximo de dez puntos, debendo superala.

Segundo exercicio.- Realización dunha ou máis probas prácticas relacionadas coas tarefas para desempeñar e que serán propostas polo tribunal atendendo á categoría para desempeñar (xefe de brigada, peón de brigada - condutor ou peón de brigada), en relación co manexo do vehículo, e da maquinaria tal como rozadora e outro material de roza.

A proba terá carácter eliminatorio e valorarase cun máximo de dez puntos, debendo obter cinco puntos para considerar superada a proba.

Terceiro exercicio.- Entrevista persoal. Valorarase cun máximo de cinco puntos.

As preguntas versarán sobre as seguintes materias:

- Coñecemento do medio
- Emprego de EPI'S
- Primeiros auxilios
- Tratamento do lume.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a realización dos dous ou tres exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a realización deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Fase de concurso

1.- Experiencia profesional (puntuación máxima 6 puntos)

1.- Por acreditar servizos prestados en concellos e administracións públicas na mesma categoría ou similar á do posto ao que opta: 0,20 puntos por mes completo

2.- Por acreditar servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que opta: 0,15 puntos por mes completo.

En caso de acreditación de períodos de traballo por meses, estes computaranse como de 30 días naturais cada mes, non se computando días soltos ou fraccións de mes.

Para a acreditación destes méritos debe achegarse unha copia compulsada da vida laboral, contratos de traballo ou certificados de servizos prestados emitidos polos correspondentes órganos competentes das administracións. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. (Só se admitirán os relacionados cos postos de traballo aos que se opte).

2.- Situación de desemprego (puntuación máxima 4 puntos)

Pola inscrición acreditada como demandante de emprego sen percibir prestación por desemprego 0,15 puntos/mes ata o máximo indicado.

Será preciso presentar un informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e a duración desta, así como un certificado de prestacións.

3.- Formación: (puntuación máxima 2 puntos)

Cursos impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionada co posto de traballo e funcións para desempeñar:

- Cursos de ata 20 horas: 0,30 puntos
- Cursos de 20 a 50 horas: 0,40 puntos
- Cursos de 50 a 100 horas: 0,50 puntos
- Cursos de máis de 100 horas: 0,60 puntos.

A formación acreditarase mediante a presentación dunha copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas do curso de formación. De non establecerse o número de horas, non se valorará a formación.

Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas, se non se xustifica a preceptiva homologación. Non se valoran xornadas, conferencias, seminarios etcétera.

4.- Coñecemento da lingua. (Puntuación máxima de 1 punto)

Acreditarase mediante achega do Celga 1 e 2: 0.50 puntos - 3 ou 4: 1 punto

Computarase unicamente o grao superior alegado.

5.- Cargas familiares. (Puntuación máxima de 2 puntos)

- Renda da unidade familiar inferior ao SMI: 1 punto
- Cargas familiares de fillos menores: 0,5 puntos por fillo

A acreditación destes méritos será de cargas familiares segundo o libro de familia, e da renda da unidade familiar mediante un certificado de prestacións tanto da seguridade social como do INEM.

Oitava.- Contratación

A proposta do tribunal cualificador será publicada no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

A contratación dos candidatos realizarase por orde de maior a menor puntuación acadada no procedemento de selección ata a cobertura das prazas convocadas.

Tras a previa a formalización do contrato, os aspirantes deben superar un curso de formación; en caso contrario, decaen do seu dereito para ser contratados e quedando anuladas todas as actuacións, non tendo dereito ningún respecto a este concello, pasando a chamarse o seguinte da lista que corresponda.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os traballadores aos postos, estes non teñen dereito a percepción económica ningunha.

A proposta elevaráselle á Alcaldía, para que, presentados os ditos documentos, proceda á contratación dos aspirantes seleccionados para levar a cabo a prevención e defensa contra incendios forestais obxecto do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viana do Bolo.

Novena.- Formación de listas de aspirantes

Na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse unhas listas de todos/as os/as aspirantes que superaron o proceso de selección por orde de puntuación e por cada unha das categorías existentes (xefe de brigada, peón de brigada - condutor e peón de brigada).

A Alcaldía, ao finalizar o proceso selectivo, poderá aprobar a creación das ditas listas de aspirantes de cara á súa contratación neste ano para ser usadas no suposto de que algún dos aspirantes seleccionados non presentara o certificado médico, o resultado do recoñecemento médico fose "non apto", renunciaran á contratación ou por calquera circunstancia deixaran vacante o posto para cubrir.

Neses casos, procederase a requirir aos aspirantes que superaron o proceso de selección por orde de puntuación e por cada unha das categorías existentes (xefe de brigada, peón de brigada - condutor e peón de brigada) pasando o aspirante seleccionado a ocupar o último lugar da lista de aspirantes creada, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior (entenderase por forza maior, entre outros, estar desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado).

Décima.- Interpretación das bases

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Undécima.- Recursos

A resolución da Alcaldía que aproba estas bases, pon fin á vía administrativa e contra esta poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación destas bases no taboleiro de edictos e na páxina web www.vianadobolo.es, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases no taboleiro de edictos e na páxina web de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

(Ver anexos páx. 6-8)



Anexo I

Don/dona

con data de nacemento con DNI n.º e con domicilio

en

(teléfono; correo electrónico)

ante o alcalde do Concello de Viana do Bolo, comparece e di:

a) Que coñece e acepta as bases que van a rexer a selección de persoal laboral temporal mediante o sistema de concurso oposición libre. Brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais.

- Dous xefes de brigada.

- Dous peóns de brigada - condutor.

- Seis peóns de brigada.

b) Que desexa ser admitido ás probas selectivas convocadas que indica a continuación.

c) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e que achega a documentación esixida para o efecto (orixinais ou copias debidamente compulsadas)

d) Que achega a esta:

- Copia compulsada do documento nacional de identidade, ou pasaporte.

- Copia compulsada do título académico e/ou carné de conducir B (no caso que proceda)

- Declaración de incompatibilidades. (Anexo II)

- Relación dos seguintes documentos para os efectos da súa valoración na fase de concurso. (Anexo III).

Por todo o exposto, solicita que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas de (marcar o que proceda):

Xefe de brigada

Peón de brigada - condutor

Peón de brigada

....., de de 20

Asdo.:

Sr. Alcalde do Concello de Viana do Bolo



Anexo II

Declaración de incompatibilidades

Don/dona

con data de nacemento con DNI n.º e con domicilio

en

(teléfono; correo electrónico)

ante o alcalde do Concello de Viana do Bolo, declaro baixo a miña responsabilidade:

Primeiro.- Non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade, para os efectos previstos no artigo dez da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Segundo.- Non desempeñar ningún posto ou actividade no sector público nin realizar actividades privadas incompatibles ou que requiriran recoñecemento de compatibilidade, para os efectos do artigo 13.1 do Real decreto 598/85, do 30 de abril.

Terceiro.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Cuarto.- Non padecer enfermidade ou limitación e defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo.

E para que conste, para os efectos de solicitude do/s posto/s de traballo ofertados, firmo esta declaración, en

....., de de 20

Asdo.:



Anexo III

Documentos para os efectos da súa valoración na fase de concurso de méritos, segundo o estipulado na base sétima

Don/dona

con data de nacemento con DNI n.º e con domicilio

en

(teléfono; correo electrónico)

ante o alcalde do Concello de Viana do Bolo, achego a seguinte documentación:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.

....., de de 20

Asdo.:

Segundo.- Convocar o proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal mediante o sistema de concurso-oposición libre. Brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais. Dous xefes de brigada, dous peóns de brigada - condutor e seis peóns de brigada.

O prazo de presentación de solicitudes de participación será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello www.vianadobolo.es.

Viana do Bolo, 29 de xuño de 2018. O alcalde.

Asdo.: Secundino Fernández Fernández.

Anuncio

Convocatoria del proceso selectivo de personal laboral temporal, mediante el sistema de concurso-oposición libre, para la contratación de brigadas de prevención, vigilancia y defensa contra los incendios forestales 2018.

Proceso selectivo

Convocatoria del proceso selectivo de personal laboral temporal, mediante el sistema de concurso-oposición libre, para dos brigadas de lucha contra los incendios forestales.

Por resolución de la Alcaldía de 29 de junio de 2018 se adoptó el siguiente acuerdo:

Primero.- Aprobar las bases reguladoras de la convocatoria de selección, en los términos siguientes:

“Bases de selección de personal laboral temporal, mediante el sistema de concurso-oposición libre, de brigadas de prevención, vigilancia y defensa contra los incendios forestales 2018”

Primera.- Objeto de la convocatoria y justificación de esta

1. El objeto de esta convocatoria es la selección de diez personas como personal laboral temporal (máximo tres meses de duración) para realizar actuaciones de prevención, vigilancia y defensa contra los incendios forestales en el marco del “convenio de colaboración suscrito entre la Consejería de Medio Rural y la entidad local de Viana do Bolo para la participación en la prevención y defensa contra incendios forestales mediante la actuación de medios de prevención y defensa, cofinanciado parcialmente con el Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER) en el marco del PDR de Galicia 2014-2020”.

- Dos jefes de brigada.

- Dos peones de brigada - conductor.

- Seis peones de brigada

Las funciones a desenvolver por los miembros de la brigada son las establecidas en el convenio de colaboración suscrito entre la Consellería de Medio Rural y el Ayuntamiento de Viana do Bolo. El ámbito de actuación será municipal, sin perjuicio de que, conforme a la normativa aplicable, el personal de las brigadas municipales participará en las operaciones de extinción y de remate de incendios forestales, bajo el mando único operativo dependiente de la consejería competente en materia forestal. Sin ánimo exhaustivo, las funciones a desenvolver son:

- Trabajos de vigilancia y defensa contra los incendios forestales.

- Trabajos encaminados a la prevención, que disminuyan el riesgo de propagación y minoren los daños de los incendios, en caso de producirse.

El jefe de brigada será el responsable y coordinador del funcionamiento de la brigada, manteniendo las relaciones operativas y de comunicación con el personal del distrito forestal.

Los miembros de la brigada deberán tener plena disponibilidad (incluidos domingos, festivos, turnos de noche... según las necesidades del servicio).

La ejecución de las actuaciones de prevención, vigilancia y defensa contra los incendios forestales tendrá una duración máxima de 3 meses, de conformidad con el convenio de colaboración suscrito entre la Consellería de Medio Rural y del Mar y el Ayuntamiento de Viana do Bolo.

El contrato a formalizar es de duración determinada en la modalidad de obra o servicio y a tiempo completo. En el contrato de trabajo formalizado se establece un período de prueba de 15 días.

Las retribuciones brutas mensuales del jefe de brigada ascienden a 1.091,72 euros incluida prorrateada de paga extra, las

retribuciones brutas mensuales de peón-conductor y de peón ascienden a 982,53 euros incluida prorrateada de paga extra. La brigada que cumpla los objetivos del puesto de trabajo será retribuida con una gratificación (por alcanzar los objetivos de los desbroces).

2. De conformidad con el artículo 50 de la Ley 30/1992 de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y el Procedimiento Administrativo Común, y en coherencia con la necesidad urgente que pretende cubrirse, el procedimiento se tramita de urgencia.

Segunda.- Tipo y duración de la provisión

Los aspirantes que, al finalizar el proceso selectivo, obtengan la mayor puntuación en cada una de las tres categorías, serán propuestos por el tribunal de selección para su contratación, para llevar a cabo la prevención y defensa contra incendios forestales objeto del convenio de colaboración suscrito entre la Consellería de Medio Rural y el Ayuntamiento de Viana do Bolo.

Los contratos de trabajo suscritos se extinguirán, en todo caso, con la realización de las actuaciones que motivan la suscripción del convenio de colaboración mencionado, que están fijadas en un plazo máximo de hasta 3 meses y extinguiéndose en todo caso con fecha 31 de octubre de 2018.

Tercera.- Sistema selectivo

La selección del personal laboral temporal se realizará mediante un procedimiento ágil que respetará en todo caso los principios de igualdad, mérito, capacidad, publicidad, transparencia, objetividad, eficacia, eficiencia y agilidad.

Las pruebas selectivas se realizarán por el sistema de concurso-oposición libre.

Cuarta.- Requisitos de los aspirantes

1. Serán requisitos mínimos de los aspirantes a esta selección de personal:

- Tener la nacionalidad española, sin perjuicio de tener otra nacionalidad que le permita el acceso al empleo público de conformidad con lo dispuesto en el artículo 52 Ley 2/2015, del Empleo Público de Galicia.

- Poseer la capacidad funcional para el desempeño de las tareas.

- Tener cumplidos dieciséis años y no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa.

- No haber sido separado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni hallarse en inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial, para el acceso al cuerpo o escala de funcionario, o para ejercer funciones similares a las que desempeñaban en el caso del personal laboral, en el que hubiera sido separado o inhabilitado. En el caso de ser nacional de otro Estado, no hallarse inhabilitado o en situación equivalente ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su estado, en los mismos términos, el acceso al empleo público. (Declaración jurada según anexo II)

- Para los/las aspirantes a jefe de brigada. Estar en posesión de alguna de las siguientes titulaciones: ingeniero de Montes, ingeniero Técnico Forestal, técnico superior en gestión y organización de recursos naturales y paisajísticos, técnico en trabajos forestales y conservación del medio natural o formación profesional equivalente. Estar en posesión del Celga 2. Poseer el carné de conducir B.



- Para los/las aspirantes a peón - conductor de brigada. Estar en posesión del título de certificado de escolaridad o equivalente. Poseer el carné de conducir B.

